



Apartado de correos nº 38
36630 CAMBADOS (Pontevedra)
E-mail: fgcmf@culturamaritima.org
Teléfonos: 986 524 845 e 689005026

A Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (FGCMF) denuncia a actitude do Alcalde do Concello de Vilagarcía e, de novo, quere matizar manifestacións inexactas das súas declaracións que recollen os medios de comunicación o pasado 13 de decembro.

A súa negativa a cumprir os compromisos verbais acordados polo Concello de cara ao X Encontro de Embarcacións Tradicionais celebrado en Carril, está a causar dificultades económicas a tres empresas galegas, á vez que compromete a realización do XI Encontro e pon en perigo a viabilidade da propia FGCMF. A Federación lamenta que un Concello como Vilagarcía, con recoñecida vocación marítima e apoio decidido as tradicións mariñeiras, poda resultar prexudicado pola actuación do seu Alcalde.

A FGCMF leva organizados 10 Encontros de Embarcacións Tradicionais o que converte a este evento bianual no máis importante de náutica tradicional que se celebra en España. O seu carácter itinerante propicia que toda a Comunidade Galega sexa partícipe dun espectáculo que adoita reunir cerca de 200 embarcacións chegadas de Galicia e doutras comunidades litorais españolas, de Portugal, de Francia e doutros países europeos. Cerca de 1,000 tripulantes e uns 30.000 visitantes ao evento falan do seu impacto económico, e á vez de promoción turística, para a vila mariñeira que o acolle.

O interese das asociacións vinculadas ao patrimonio marítimo galego de Vilagarcía xunto co apoio do seu Concello motivou a elección de Carril para a celebración do X Encontro de Embarcacións, así coma unha concentración previa en Vilaxoán, levadas a cabo entre o 25 de xuño e o 3 de xullo pasado. O Concello referendou o seu compromiso co X Encontro mediante un acordo plenario, aprobado de xeito unánime por toda a Corporación, e posteriormente comprometendo verbalmente un apoio económico de 40,000 euros. Nas anteriores nove edicións do Encontro, a FGCMF sempre contou coa colaboración das diferentes administracións, con acordos verbais previos que logo se resolveron oportunamente e, mesmo con algún retraso, todos eles cumpriron o compromiso adquirido.

A FGCMF, consciente da situación económica, axustou ao máximo o orzamento do X Encontro, polo que só está reclamar ao Concello a metade do compromiso inicial, 21.000,00 euros, que se usarán para pagar a provedores do Encontro de Carril. Poren, a FGCMF non entende o cambio de actitude do Alcalde, que inicialmente apoiou a celebración do X Encontro e mesmo presidiu o acto de inauguración coa Conselleira do Mar. O seu compromiso inicial foise esvaendo co paso do tempo tornándose nunha actitude desconcertante que o levou a realizar unhas declaracións totalmente desafortunadas e fóra de contexto e recollidas por algúns medios o pasado 13 de decembro.

Vilagarcía, cidade marítima, sempre tivo unha firme e decidida actitude a prol da náutica tradicional, corroborado pola sinatura de senllos convenios coa asociación Rompetimóns de Carril para a construción dun galeón, verdadeiro símbolo da cabotaxe costeira das Rías Baixas, e a súa

dinamización mediante saídas públicas pola ría, o que sen dúbida vai incrementar os activos turísticos á vez que está a garantir a salvagarda cultural do saber mariñeiro de Vilagarcía.

Volve a reincidir o Alcalde na súa estratexia de vencellar ao X Encontro calquera gasto relacionado coa aposta decidida do seu Concello á náutica. Aplaudimos esta aposta, pero o que xa non ten tanta lóxica é querer confundir a opinión pública imputándolle á FGCMF todo o diñeiro que o Concello está a investir nestas actividades. É totalmente falso a afirmación do Alcalde de que a goleta (sic) non navega cando a selección española de baloncesto realizou unha singradura a bordo do galeón *Illa de Cortegada* durante o X Encontro, o que, por certo, serviu para difundir a nivel internacional o evento.

Respecto da confusión de Tomás Fole entre goleta e galeón, como aclaración ao Alcalde, compre sinalar que nos convenios entre Rompetimóns e o Concello, no primeiro dos convenios pódese ler na segunda clausula que *"a actividade a subvencionar é a construción da réplica do Galeón Cortegada que se adicara a promocionar a cultura marítima tradicional"*. No anexo de este convenio consta a *"memoria construción réplica do galeón Cortegada"*. No segundo dos convenios, na clausula segunda recolle a tipoloxía da embarcación obxecto do convenio e di: *"Tipo: tradicional, tipo galeón"*.

O Encontro celebrado en Carril foi un éxito innegable mercé, sobre todo, ao esforzo individual dos membros dos colectivos da FGCMF que sufragaron eles mesmos moitos dos gastos derivados, así como a extraordinaria implicación de xente do propio Carril que se volcou nesta festa da cultura marítima. A FGCMF só agarda que o Alcalde e a Xunta de Goberno Local cumpra os compromisos adquiridos polo Concello de Vilagarcía para pagar a débeda de 21.000 a tres empresas provedoras do devandito Encontro, polo que esperamos que á maior brevidade posibles reconsidere a súa actitude, facendo caso a todos os grupos políticos de Vilagarcía, que no seu día apoiaron a celebración do X Encontro e que reiteraron este apoio nunha recente moción que foi rexeitada polo voto de calidade do propio Alcalde.

Cambados 16 de decembro do 2011

The image shows a circular blue stamp of the Federación Galega pola Cultura Marítima (FGCMF). The text around the perimeter of the stamp reads "FEDERACIÓN GALEGA PÓLA CULTURA MARÍTIMA". In the center of the stamp, there is a stylized graphic of a ship's mast and sails. A handwritten signature in black ink is written over the stamp.

Victor Fernández
Presidente da FGCMF